

**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: San Pedro de Muros. Extensión: 1,21 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade composta por unha chaira costeira cuxa lixeira pendente ascendente rompe cara ao oeste, producíndose un ascenso de moito maior desnivel cara aos relevos que a circunscriben. A suavidade da pendente, non obstante, prolóngase cara ao sudoeste, enmarcada por dúas elevacións graníticas características da zona.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída completamente no Dominio herciniano, aparecendo en toda a área un granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 15° C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1200 mm e 1400 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C. A vertente nororiental do Monte Ouroso recibe máis pluviosidade polo que se inclúe nun dominio climático tamén Cálido pero Moi Húmido con valores entre 1400 mm e 1600 mm ao ano.

#### OS SOLOS

A franxa costeira está moi transformada pola expansión urbanística ao redor do núcleo de Muros polo que son frecuentes os antrosoles. A vertente presenta nos seus tramos de menor desnivel cambisoles dístricos, mentres que cara á cabeceira, no Monte Ouroso, os solos alcanzan menos desenvolvemento evolutivo (agás pequenos alvéolos e chairas intermedias) o que se traduce no dominio dos umbrisoles dístricos, regosoles e leptosoles líticos.


#### AS AUGAS

Esta unidade presenta unha rede de drenaxe curta e difusa, como é característico das áreas de ladeira, podendo destacarse tan só o arroio que desemboca na praia do Castelo e que transcorre polo pé do monte Campo das Cortes, ao norte. As Augas Costeiras desta sección da Ría de Muros e Noia é a identificada co código 20174.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Fronte costeira moi transformada. O interior tamén está profundamente transformado, aínda que contén algunhas masas arbóreas que hai que citar. Ladeira arriba de Muros pódense diferenciar varios conxuntos de frondosas de recolonización en antigos campos de cultivo abancalados. Ademais, aparecen masas mixtas que poden derivar da degradación de antigas carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) e soutos (9260, Bosques de Castanea sativa).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O porto de Muros é o máis importante do seu distrito pesqueiro, sendo a base sobre a que se desenvolveu o crecemento da vila, acolle diferentes tipoloxías de embarcacións pesqueiras e deportivas e máis de 400 traballadores, existen naves vinculadas á industria conserveira en toda a franxa litoral. Á súa lonxa tamén chegan capturas típicas da pesca de arrastre dos portos de Lira e O Pindo. Os seus bancos areosos e fanganosas son aproveitados para a explotación marisqueira. A vila de Muros é o máis importante centro histórico da comarca, as súas prazas e rúas cheas de monumentos e patrimonio, contan ademais cunha oferta hostaleira que converte esta poboación nun importante centro turístico. Este denso núcleo aséntase sobre unha pequena chaira costeira, o escaso parcelario agrícola rodea o conxunto de edificacións e as cotas máis altas ao fondo son ocupadas por especies forestais.

#### MORFOLOXÍA

Muros, Núcleo de Identidade Litoral, é unha vila señorial cargada de historia e dotada dun gran valor patrimonial, posúe un fermoso e coidado casco histórico. Todos estes edificios combínanse con outras edificacións máis actuais procedentes da corrente modernista, e con casas antigas ás que se incorporaron galerías acristaladas. O conxunto está ligado ao carácter mariñeiro da vila formando un núcleo compacto de vivendas tradicionais, na súa periferia destacan construcións recentes máis compactas e de maior volume, así como unha instalación deportiva ao norte da unidade, os núcleos de Miraflores e Campo das Cortes ao norte e sur respectivamente non se atopan integrados co resto da Vila de Muros, estando máis ligado ao parcelario agrícola.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 discorre bordeando a franxa litoral e exerce como vía de comunicación principal da comarca. A outra vía que conforma a rede principal da unidade discorre lonxitudinalmente comunicando o núcleo de Miraflores co de Campo de Cortes ao sur. As estreitas rúas do casco histórico non son aptas para o tránsito rodado. Por último destaca a existencia dun paseo marítimo bordeando o litoral e resaltar a importancia do porto de Muros que conta cun porto pesqueiro e outro deportivo.


#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A vila de Muros declarada Conxunto Histórico-Artístico en 1970 posúe un importante legado medieval visible na súa arquitectura e distribución con estreitas canellas empedradas que conducen a prazas abertas e nobres casas señoriais. O patrimonio civil conta con singulares edificacións dedicadas a vivenda que se inclúen dentro do tipo mariñeiro, completan este patrimonio prazas, fontes, pombais e o propio porto de Muros. Destaca da arquitectura relixiosa a Igrexa Parroquial de Muros, de estilo gótico. Este templo constitúe o edificio relixioso máis importante da vila e anteriormente coñeciase como a Colexiata de Santa María do Campo. A Capela da Nosa Señora das Angustias foi feita en 1665 e nos seus muros exteriores consérvanse inscricións de canteiros que traballaron nela. A arquitectura industrial deixa a súa pegada en antigas fábricas conserveiras. A antiga muralla da vila de Muros forma parte do patrimonio arqueolóxico, sendo Ben de interese cultural.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Vila mariñeira que conserva os seus valores ambientais, culturais e paisaxísticos. Combina o seu carácter mariñeiro cunha funcionalidade eminentemente turística, para o cal a vila tamén se prepara aceleradamente dende o punto de vista das infraestruturas, e ademais obsérvase a proliferación de establecementos destinados ao sector do ocio, está en auge a construción de vivendas secundarias de tipo residencial na periferia do casco histórico con edificacións máis compactas e de maior volume.

#### DINÁMICA DA PAISAXE



#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

A riqueza histórica da vila de Muros convértea nun dos asentamentos do litoral con maior potencialidade de explotación turística. Esta afirmación está avalada polo seu recoñecemento como Conxunto Histórico-Artístico. A singular estrutura urbana de orixe medieval recolle gran cantidade de monumentos de interese arquitectónico e arqueolóxico. O conxunto está formado por construcións artísticas e populares que adornan as súas rúas e prazas dunha forma plenamente harmónica, realizadas en boa cantería, participando dun estilo homoxéneo que proporciona ao conxunto da vila un especial atractivo. O porto de Muros configúrase como un dos lugares máis pintorescos da vila e verdadeiro centro da súa actividade, estando especialmente animado ao final da xornada diaria cando chegan os barcos do mar e se procede á descarga do peixe. Xunto ao porto, que conta cun bo calado, comparten este espazo dous molles, un peirao onde se amarran os iates que aquí atracan, e unha dársena onde se resgardan as embarcacións menores. O potencial ecolóxico da unidade vén determinado principalmente pola presenza de bancos areosos e lamacentos intermareais que son aproveitados para o cultivo de marisco sendo esta a actividade predominante en toda a comarca. A visión da Vila de Muros como un conxunto compacto dótaa de maior fragilidade visual. Unha visión global obtense dende o Monte Rebodiño ao sur da unidade onde se alcanza a cota máis alta roldando os 100 m. Dado o nivel de detalle que ofrece o casco histórico cos seus elementos patrimoniais repartidos por todo o conxunto histórico-artístico o máis aconsellable é facer un agradable e pausado percorrido a pé polas súas rúas e prazas. Unha visión clara da unidade obtense dende o punto de observación detectado.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



